

MUITOS qu' ás tuas ordes pelearon,
E a suas roxas faixas che deberon,
En cuanto os sumos grados atingeron,
Pol-os amados eidos suspiraron.

Algúns, brandas suidades acuciaron,
Do vougo e caro lar, e esmoreceron;
Outros á uns lindos ollos se rinderon;
Todos á doce patria retornaron.

Solo tí, Weyler forte, non tornastes
Da dura luita, e militar desterro,
E o vasto incendio intrépido afrontastes.

E contra a tua obra alta e sin erro
E contra a nobre gloria que alcanzastes,
¡Nada podrán envidia, e fogo, e ferro!

Eduardo Pondal.

La Coruña, 12 Octubre 1897.